



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E SECRETARIO DO
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta na súa reunión do día quince de outubro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“1. Modificar as contías das compensacións económicas a percibir polo persoal funcionario e laboral destinado nos centros educativos públicos galegos, así como aos pais, nais, titores legais e acolletores/as familiares de nenos escolarizados en ditos centros, que asuman responsabilidades na organización dos comedores escolares e realicen tarefas de atención e vixilancia dos menores comensais, a percibir compensacións económicas, en función dos días nos que se concrete a súa asistencia efectiva ao comedor escolar. Os importes diarios das compensacións económicas, serán os seguintes en razón das tarefas desempeñadas:

- Director/a de centro no que se preste o servizo de comedor escolar baixo a modalidade de xestión directa ou docente no que delegue a súa presenza no comedor, 14,46 € por día de asistencia efectiva ao comedor
- Director/a de centro no que se preste o servizo de comedor escolar baixo a modalidade de xestión indirecta ou docente no que delegue a súa presenza no comedor, 12,50 € por día de asistencia efectiva ao comedor
- Encargado/a do Comedor escolar, no que se preste o servizo baixo a modalidade de xestión directa, desenvolvéndose o servizo en: 14,46 € por día de asistencia efectiva ao comedor
- Colaborador/a de atención e vixilancia dos menores comensais en comedores de xestión directa, 12,50 € por día de asistencia efectiva ao comedor

As correspondentes compensacións económicas serán abonadas, por trimestres vencidos no mes natural seguinte e experimentaran anualmente igual incremento que o que experimenten orzamentariamente, con carácter xeral, as retribucións dos empregados públicos.

O presente acordo surtirá efectos dende o día 1 de outubro de 2020.



XUNTA DE GALICIA

2. Ampliar excepcionalmente a outros familiares convivintes, que residan no mesmo domicilio dos menores comensais, a posibilidade de colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e vixilancia nos comedores escolares, por non existir persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia, nin colaboradores directos dispoñibles previstos ordinariamente en número suficiente. Esta colaboración voluntaria a desenvolverán nos mesmos termos previstos na lexislación sectorial educativa ao respecto dos pais, nais, titores legais e acolletores familiares do alumnado.

A ampliación manterase mentres dure a aplicación das medidas educativas e sanitarias para paliar os efectos da pandemia.”

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a quince de outubro de dous mil vinte.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE

